



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MESÍA

Bases e convocatoria do proceso selectivo para a contratación temporal de dous/duas socorristas

Por Decreto de Alcaldía núm. 164/2021, de data 04.05.2021, convocouse proceso selectivo para a contratación laboral temporal de dous/dúas socorristas segundo as bases que de seguido se publican.

“BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DOUS SOCORRISTAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a contratación, en réxime de dereito laboral, a xornada completa, baixo a modalidade de contrato temporal por obra ou servizo determinado, de acordo co artigo 15.1.a) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, de DOUS SOCORRISTAS para o Concello de Mesía, ao abeiro do Programa de socorrismo dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2021 da Deputación Provincial.

A xornada de traballo é de 40 horas á semana e o salario é de 1.317,91 € brutos ao mes, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

SEGUNDA.- DURACIÓN DO CONTRATO E FUNCIÓNS DO/A TRABALLADOR/A

Os/as aspirantes seleccionados/as no presente proceso selectivo incorporaranse ao concello, dándose de alta na Seguridade Social e demais requisitos legais, ata a finalización do servizo, tendo o contrato unha duración dende o día 21 de xuño ao 31 de agosto de 2021, ambos os dous incluídos, sen prexuízo do sinalado na cláusula décima.

As funcións propias do posto son a realización do servizo de vixilancia e salvamento nas piscinas municipais do Concello de Mesía.

TERCEIRA.- PUBLICIDADE

A convocatoria e bases do presente proceso selectivo publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP), na páxina web do concello (www.concellodemesia.gal) e no taboleiro de edictos da Casa Consistorial.

Os resultados das probas, a efectos de notificación dos/as interesados/as, así como as citacións e emprazamentos deles/as, levaranse a cabo unicamente a través da páxina web e do taboleiro de anuncios do concello.

CUARTA.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES

Para poder tomar parte no proceso de selección será necesario que os/as aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

1. Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ao emprego público, conforme aos artigos 56 e 57 do TREBEP e ao artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.
2. Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
3. Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opte. Acreditarase, por parte dos traballadores que sexan finalmente seleccionados antes da súa incorporación laboral, mediante informe médico oficial no que se faga constar que o/a aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización das tarefas, ademais de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.
4. Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.
5. Non estar incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

6. Posuír a titulación de socorrista en salvamento e primeiros auxilios segundo o establecido no artigo 6.1. ou disposición transitoria única do Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

7. Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia. En defecto de inscrición, ter presentada a solicitude de inscrición no citado Rexistro Profesional, sempre, neste último caso, que desde a data de presentación da solicitude non teña transcorrido o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste caso deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia de dita solicitude de inscrición no Rexistro Profesional e copia da declaración responsable segundo o modelo normalizado que figura como Anexo IV do dito Decreto 104/2012, así como do Título de Socorrista Acuático ou titulación equivalente ou que a englobe.

8. Estar en posesión do Celga 2 ou equivalente. De non acreditarse o coñecemento do galego por esta vía se realizará unha proba oral de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Este exercicio será cualificado de apto ou non apto (artigo 51 Lei emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).

Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ao último día de prazo de presentación das instancias, e mantelos ata o día da contratación. Será nulo o nomeamento dos que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

QUINTA.- SOLICITUDES.

As/os interesadas/os deberán presentar a solicitude de participación segundo o Anexo I destas bases acompañada da seguinte documentación:

- DNI.
- Declaración xurada de reunir os requisitos esixidos nos apartados 3, 4 e 5 da base cuarta da presente convocatoria (Anexo II).
- Titulación de socorrista en salvamento e primeiros auxilios segundo o establecido no artigo 6.1. ou disposición transitoria única do Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- Inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia ou da correspondente solicitude e a declaración responsable.
- Celga 2, se é o caso.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados, se é o caso, tal como se sinala na base oitava.

A presentación da solicitude coa documentación farase no Rexistro Xeral do Concello (Xanceda, s/n, 15685, Mesía) en horario de 8:00h a 15:00h, de luns a venres, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no prazo de sete días naturais, contados dende o seguinte ó da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso, os aspirantes deberán comunicalo mediante fax (981687069) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias, ou mediante e-mail (correo@concellodemesia.gal). Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública, en caso de non realizar esta comunicación, vía fax ou e-mail, quedarán excluídos/as do procedemento de selección.

SEXTA.- LISTA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUIDOS/AS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, unha relación provisional de aspirantes para o posto, especificando as causas de exclusión.

Os/as aspirantes terán, se é o caso, un prazo de 2 días hábiles para a subsanación de deficiencias e/ou reclamacións dende a publicación da dita relación.

Finalizado o prazo de subsanación, publicarase a relación definitiva de admitidos e excluídos, que será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello. No caso de que non exista necesidade de subsanacións, a primeira lista será definitiva.

Nesta mesma resolución nomearase e emprarase ao Tribunal e aos aspirantes admitidos para a realización da proba sinalada na base oitava.

SÉTIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador estará composto por un presidente, un secretario, e tres vogais de conformidade co artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público.

Todos/as os/as vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida como requisito dos aspirantes. O tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta. As decisións se adoptarán por maioría de votos dos membros presentes resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a do tribunal.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como, nos casos non previstos polas mesmas.

A composición do tribunal cualificador darase a coñecer xunto coa relación definitiva de admitidos.

OITAVA.- SISTEMA DE SELECCIÓN

1. A selección efectuarase polo sistema de concurso. Puntuación máxima: 9 puntos.

1.1.- Experiencia profesional. Nela valorarase a experiencia como socorrista. Puntuación máxima: 5 puntos.

a) Por servizos prestados na Administración Pública ou na empresa privada como socorrista: 0,50 puntos por mes.

1.2.- Titulación. Puntuación máxima: 2 puntos.

a) Por posuír unha titulación superior á esixida e relacionada co posto de traballo: 2 puntos.

1.3.- Formación. Cursos de formación e perfeccionamento profesional directamente relacionados coas funcións a desenvolver, impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por estas. Puntuación máxima: 2 puntos.

a) De 21 a 40 horas: 0,30 puntos por curso.

b) De 41 horas ou máis: 0,50 puntos por curso.

c) Por ter realizado un curso de manexo de desfibrilador externo semiautomático (DESA) impartido por persoal cualificado: 1,50 puntos.

2. No caso de empate de puntuación entre aspirantes, realizarase una entrevista persoal. As preguntas estarán relacionadas coas funcións propias do posto de traballo, actuacións habituais do Concello no eido de actividades propias do posto, coñecementos profesionais e/ou preguntas de índole curricular, a fin de avaliar as aptitudes e actitudes dos aspirantes, así como apreciar a adecuación entre os méritos dos aspirantes e o perfil do posto de traballo a ocupar. Puntuación máxima: 2 puntos.

3. Para a xustificación dos méritos, coa solicitude deberanse achegar os seguintes documentos:

- A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante certificación expedida pola entidade na que se prestaron os servizos, indicando os períodos de duración dos servizos prestados e/ou mediante a presentación dos correspondentes contratos de traballo. Así mesmo é imprescindible a presentación do informe de vida laboral.

- A acreditación da titulación mediante copia da mesma ou certificación acreditativa da súa posesión.

- A acreditación da formación realizarase mediante certificación da entidade que impartiu o curso ou mediante copia do documento oficial acreditativo da súa realización.

NOVENA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN. LISTA DE RESERVA

O tribunal propondrá á alcaldía o nomeamento do/a aspirante que obtivera a maior puntuación, de conformidade co establecido nestas bases.

Na acta da selección, incluírase como lista de reserva a relación, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección, dos/as aspirantes non propostos, para os casos de que o/a aspirante proposto/a rexeite a oferta de emprego ou cese no posto por outra circunstancia.

DÉCIMA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

1.-Os/As aspirantes propostos/as presentará no Rexistro do Concello, no prazo de 3 días hábiles contado a partir da publicación dos aspirantes propostos para a contratación no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello (www.concellodemesia.gal), os documentos seguintes:

a) Orixinal para a súa compulsa do Documento Nacional de Identidade.

b) Informe médico oficial actualizado - polo que non deberá ter unha antigüidade superior a tres meses contados dende a data de resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba o/a aspirante seleccionado/a- no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.

c) Documentación orixinal acreditativa dos méritos alegados, no seu caso.

d) Documento orixinal da titulación Celga 2, de ser o caso.

2.- A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na documentación presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido. Neste caso, a proposta considerase feita a prol do seguinte aspirante segundo á orde de puntuación obtida.

A presente contratación queda subordinada ao cumprimento de todas as medidas e protocolos de orden legal e sanitario emanados de calquera administración relativos ao COVID 19, e que, no seu caso, poderían afectar as prestacións pactadas, inclusive o propio peche da piscina.

UNDÉCIMA.- RECURSOS

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no taboleiro de anuncios do concello, segundo o artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso - administrativa. Asemade poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante o Alcalde - Presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación do anuncio do proceso selectivo no BOP de conformidade co preceptuado nos artigos 123 e concordantes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

ANEXO I.- SOLICITUDE PARTICIPACIÓN PROCESO DE SELECCIÓN DOUS SOCORRISTAS.

D./D^a....., con DNI número.....,
 e domicilio, para os efectos de notificación, en
 C.P , teléfono

EXPÓN: Que desexa participar no proceso selectivo convocado para a provisión do posto de traballo de dous socorristas para a realización do SERVIZO DE VIXILANCIA E SALVAMENTO NAS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MESÍA DURANTE A TEMPADA ESTIVAL 2021 mediante contratación en réxime laboral temporal por obra ou servizo determinado, de acordo coas bases da convocatoria aprobadas por Decreto de Alcaldía de 4 de maio de 2021.

- Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpre con todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases e que documentalmente aportará, comprometéndose a prestar xuramento ou promesa.

- Que autorizo ó Concello de Mesía para recabar o informe do Servizo Público de Emprego requirido para a xustificación da condición de parado de longa duración no momento da formalización do contrato.

Documentación que achega (marcar cunha X):

- DNI
- Declaración xurada de reunir os requisitos esixidos nos apartados 3, 4 e 5 da base cuarta da presente convocatoria (Anexo II).
- Titulación da formación mínima esixida.
- Inscripción no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados, se é o caso, tal como se sinala na base oitava.
 Indicar cal/cales.....
- Certificado de coñecemento de lingua galega, se é o caso.

Polo exposto, SOLICITA, sexa admitido/a e participar no procedemento de selección ao que se refire a presente instancia.

En.....a.....dede 2021.

Asdo:

ATT. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MESÍA.

ANEXO II: DECLARACIÓN PARTICIPACIÓN PROCESO DE SELECCIÓN DOUS SOCORRISTAS

D./D^a....., con DNI número.....,
e domicilio, para os efectos de notificación, en
C.P , teléfono

aos efectos de participar no procedemento de selección de persoal laboral temporal de dous socorristas, de acordo coas bases da convocatoria, declara baixo xuramento:

1. - Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.
2. - Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.
3. - Non estar incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

E para que así conste, asino a presente en a de de 2021

Asdo:”

Mesía, 4 de maio de 2021

Asdo. Mariano Iglesias Castro.

Alcalde.

2021/3807